Brancura

Branca Trigo e Silvia Penas

> "A brancura é uma cor difícil de descrever. É branca e nada mais, e assim que pensamos nela, começa a deixar de o ser." — **José Saramago**

Brancura é unha intervención perfopoética que utiliza o binomio brancura/branquitude para desmantelar a súa aparente neutralidade e explorar o seu peso político e histórico. O traballo inspírase no branco cegador do *Ensaio sobre a Cegueira* e no branco incómodo do voto nulo no *Ensaio sobre a Lucidez* de Saramago. Acode tamén ao *Homem Duplicado* como modelo da escisión identitaria e binaria que a brancura impón: o corpo branco é, e o corpo branco representa.

As dúas performers, dous corpos que reflicten as súas propias gradacións de brancura, utilizan o movemento e a palabra para tensionar os límites do termo, historicamente asociado á pureza, a razón e, perigosamente, á hexemonía.

Desde a perspectiva da teoría da performatividade de Judith Butler, a performance non é só unha representación, senón o acto iterativo que constrúe e mantén a categoría de "corpo branco". A peza busca perturbar este habitus performativo para revelar a súa artificialidade política.

O voto en branco do *Ensaio sobre a Lucidez* serve como metáfora central da dupla natureza da brancura. Do mesmo xeito que os corpos idénticos d'*O Home Duplicado* encarnan destinos opostos, o voto branco e o propio concepto de brancura posúen dúas caras aparentemente iguais pero con consecuencias diverxentes: unha lucidez que rexeita o sistema ofrecido, expondo a súa ilexitimidade; ou unha opacidade calculada que lle permite ao poder seguir operando sen resistencia efectiva.

A performance articúlase coa noción de dispositivo (Agamben), que captura e xestiona a vida. A brancura aquí é o lugar onde o dispositivo opera con maior eficacia, utilizándose para ocultar a súa propia condición política. Ao intervir no lugar da brancura, as artistas propoñen unha interrupción. Trátase dunha política da arte (Rancière) que, ao facer visible o suxeito branco como suxeito político e non universal, redefine a distribución do sensible.

Ao reflectir a súa propia condición, a peza convida a pasar da brancura cegadora á brancura lúcida, aquela que permite ver as sombras que historicamente foi autorizada a ocultar.

Branca Trigo Cabaleiro (1997) investiga sobre o vínculo entre a monstrosidade e as identidades queer na poesía galega contemporánea para a súa tese doutoral na Universidade de Vigo.

Desde 2021, co-dirixe Edicións Malafera, un selo independente que aposta pola poesía experimental e polas novas voces da literatura galega. Publicou catro poemarios, entre eles o recente *Mundo Carne* (2025). A súa obra aparece tamén en revistas e publicacións colectivas. Gañou certames de poesía coma o do Concello de Carral.

No ámbito escénico, introduce nos seus recitais elementos do shibari, o audiovisual e a pintura grazas á colaboración con outres artistas.

Por último, Branca traballa a literatura oral como regueifeira. Actualmente imparte clases de improvisación oral en verso desde o Concello de Vigo.

Silvia Penas (1980) é unha poeta cuxo traballo arranca da creación textual para indagar na poesía escénica e expandida.

É cocreadora, xunto a Jesús Andrés Tejada, da formación **Cintaadhesiva**, activa no ámbito da escena galega e internacional. Ademais, desenvolveu proxectos escénicos en solitario e en colaboración con artistas de diversos ámbitos ao longo dos últimos 15 anos. Incursións no teatro, na música e formatos multidisciplinares.

Recibiu varios premios de poesía polas súas obras, como o Premio Manuel Lueiro Rey ou o Premio Avelina Valladares. Recentemente (2024), foi galardoada co Premio Follas Novas e o Premio Aritmar (Galiza- Portugal) ao mellor poema por *Retratos de vodas, partos e funerais. No mesmo ano recibiu o* Premio de Poesía do Concello de Carral polo poemario *A pel do exilio*.